

CONVENIO ENTRE INSTITUTO O GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA) E O CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DO DEPORTE E O BENESTAR (BUSINESS FACTORY SPORT – BFSPORT)

REUNIDOS:

Dunha parte, MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), por razón do seu cargo de presidenta e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; e de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, Xesgalicia), na súa calidade de presidenta do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 20 dos seus estatutos.

Doutra parte, Pedro Iglesias Santos, en calidade de presidente do Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia (en diante, Clúster), con CIF G42740837 e domicilio en Rúa Cantón Pequeno, nº 13, 4º, 15003, A Coruña, en uso das atribucións que lle confire o seu cargo segundo o artigo 17 dos estatutos da entidade.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas por Igape atópase Xesgalicia, a cal é unha empresa pública que, desde o ano 1999, financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas; outorga, como complemento, préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a empresas, o que realiza a través da xestión e administración de diferentes e específicos fondos de investimento e dunha sociedade de capital risco.

II. Que o Clúster é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, representando ao sector galego do deporte e o benestar. A súa misión principal, tal e como recollen os seus estatutos, consiste en agrupar e colaborar con empresas, entidades e centros de investigación galegos vinculados co sector do deporte e o benestar, tendo por finalidades (a) o desenvolvemento de proxectos que contribúan á creación e difusión do coñecemento para favorecer o incremento da actividade das empresas; (b) a aportación de recursos, capacidades, competencias, medios, formación, asesoramento, etc., ao amplo e incipiente sector de empresas relacionado co ámbito deportivo; (c) a mellora da cualificación técnica e empresarial das persoas, o talento e a creatividade a través da captación de recursos humanos e (j) potenciar a avanza de todas as políticas nacionais e comunitarias co fin primordial de apoiar a investigación e a innovación, impulsando e difundindo a aplicación dos mecanismos necesarios para fomentar a innovación e desenvolvemento tecnolóxico a través da cooperación e a investigación conxunta, entre outros enunciados no artigo 6 dos seus estatutos.

III. Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

IV. Que a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

V. Que a visión definida pola RIS3 Galicia 21-27 concretouse en tres retos e tres prioridades. Os tres retos son: Reto 1 - Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación; Reto 2 - Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento; e Reto 3 - Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación. As tres prioridades son: Prioridade 1 - Sustentabilidade; Prioridade 2 - Dixitalización; e Prioridade 3 - Enfoque cara ás persoas.

VI. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, consonte o establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Este programa alíñase coas previsións recollidas na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, así como coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aliñándose co reto 3 (modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e coa prioridade 3 (enfoque cara ás persoas). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 2, integrándose polo tanto no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

VII. Consonte os antecedentes anteriormente indicados e as previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades como as desenvoltas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, Igape, Xesgalicia e o Clúster teñen interese en axuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, grazas as súas experiencias noutras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na posta en marcha do Foco de Emprendemento e innovación no Sector do deporte e o benestar de Galicia (**Business Factory Sport, BFSport**) e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e recursos

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a posta en marcha do Foco de Emprendemento e innovación no Sector do deporte e o benestar de Galicia (**Business Factory Sport – BFSport**) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector do deporte e o benestar e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Co propósito de que **BFSport** sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector, contéplase a colaboración cos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de emprendemento e innovación vertical no sector do deporte e o benestar en Galicia, que achegue os seguintes recursos:

- a) Xestión de recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Infraestruturas físicas vinculadas ao sector con equipamentos acomodados ás accións a desenvolver; e centros tecnolóxicos, con laboratorios e outros medios de análise e validación.
- c) Empresas tractoras involucradas para facilitar o acceso a mercados, a validación da proposta de valor e o modelo de negocio, o co-desenvolvemento de produto, e as visitas para coñecer o seu funcionamento.
- d) Servizos de soporte que as persoas emprendedoras necesitan para a posta en marcha dos seus modelos de negocios, especialmente para o apoio no financiamento, beneficios, etc.
- e) Recursos de coñecemento, como obradoiros, titorización, mentorización, e tech-meetings.
- f) Socios internacionais a través da rede de Hubs de innovación, que apoiem a entrada das startups nos mercados internacionais, e a participación en eventos nos países destino.

Segunda. Planificación da Business Factory Sport – BFSport

O presente convenio contempla a realización de tres edicións distribuídas nos anos 2025, 2026 e 2027. Cada edición contará cun programa coas seguintes fases, que se detallan na cláusula terceira:

1. Deseño da convocatoria e definición de retos.
2. Convocatoria, captación e selección das iniciativas.
3. Execución dos itinerarios.
4. Finalización (Demo Day / Investors Day).

Os itinerarios dependen da situación de partida das startups participantes, e son: incubación, aceleración e consolidación.

Ao inicio do programa da BFSport, constituirase o Consello Executivo e o Consello de Entidades. Nesta primeira convocatoria do Consello de Entidades, participarán todas aquelas que manifestaran o seu interese no desenvolvemento da aceleradora, non obstante, permanecerá aberta a posibilidade de novas adhesións de entidades tractoras ao longo de toda a vida do programa.

Terceira. Desenvolvemento da Business Factory Sport – BFSport

Segundo se indica na cláusula segunda, as fases coas que conta cada edición da **BFSport** desenvolveranse segundo se explica a continuación:

FASE I. DESEÑO E DEFINICIÓN DE RETOS

> Definición e obxectivos:

- Convocatoria das entidades tractoras (Consello de Entidades). No inicio do programa da BFSport, previo á primeira convocatoria realizarase a captación e selección das principais entidades tractoras e a constitución do Consello de Entidades.
- Definición dos retos da convocatoria: selección dos retos xunto as entidades tractoras, así como definición específica das necesidades das tractoras en cada un dos retos. No inicio do programa da BFSport, previo á primeira convocatoria realizarase a definición dos retos da industria: identificación e priorización dos retos da industria por parte das entidades tractoras, a partires da proposta do Equipo Xestor.
- Deseño do programa / convocatoria por parte do Equipo Xestor.
- Aprobación do programa / convocatoria por parte do Consello Executivo.

> Actividades:

- Deseño do programa / convocatoria.
- Proposta de retos (descrición, obxectivos específicos, requisitos técnicos que debe reunir a proposta).
- Deseño do portfolio de mentores especialistas e incorporación, mediante acordo de participación, dos mesmos na **BFSport**.

FASE II. CONVOCATORIA, CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE INICIATIVAS

> Definición e obxectivos:

- Convocatoria de ámbito autonómico, estatal e internacional. O obxectivo é comunicar a convocatoria para a captación do maior número posible de iniciativas, startups ou solucións que poidan dar resposta aos retos ou necesidades propostas. Realizaranse convocatorias por cada edición segundo os itinerarios, nos seguintes períodos (orientativamente):
 - *Incubación:*
 - Primeira edición: 1º trimestre 2026 (convocatoria 1).
 - Segunda edición: 1º trimestre 2027 (convocatoria 2).
 - *Aceleración:*
 - Primeira edición: 2º trimestre 2025 (convocatoria 1).
 - Segunda edición: 2º trimestre 2026 (convocatoria 2).
 - Terceira edición: 2º trimestre 2027 (convocatoria 3).
 - *Consolidación:*
 - Primeira edición: 2º cuadrimestre 2025 (convocatoria 1).
 - Segunda edición: 2º cuadrimestre 2026 (convocatoria 2).
 - Terceira edición: 2º cuadrimestre 2027 (convocatoria 3).
- Incorporación de proxectos de emprendemento á **BFSport**, en cantidade e calidade suficiente, con potencial para afrontar os retos definidos e superar as fases de incubación, aceleración ou consolidación, e cumprir cos obxectivos da **BFSport**. O

obxectivo é avaliar e seleccionar as iniciativas emprendedoras, as startups ou as compañías do sector que darán cobertura ás necesidades ou retos propostos e acordados polas entidades tractoras e o Consello Executivo. Valoraranse todos aqueles proxectos que cumpran os termos e condicións fixados nas bases da convocatoria correspondente.

> Actividades:

- Redacción e aprobación das bases reguladoras da convocatoria.
- Proceso de aplicación.
- Avaliación por parte do Equipo Xestor:
 - Revisión do cumprimento das condicións administrativas contidas nas bases da convocatoria, podendo requirirse, de ser necesario, aclaracións ou emenda da documentación presentada.
 - Elaboración dun informe técnico de avaliación dos proxectos de emprendemento que cumpran coas condicións administrativas das bases reguladoras. Dito informe será remitido ao Consello de Entidades.
- Avaliación por parte do Consello de Entidades da calidade científica, técnica e comercial de cada un dos proxectos, así como a idoneidade dos equipos humanos para a súa posta en marcha con garantías. As conclusións recolleranse nun informe que será remitido ao Equipo Xestor.

Os proxectos e os equipos avaliaranse segundo o establecido nas bases reguladoras das convocatorias.

Nas diferentes convocatorias, e para os diferentes itinerarios (incubación, aceleración ou consolidación) realizarase unha entrevista cos proxectos para avaliar o compromiso e dedicación das persoas integrantes dos equipos. Posteriormente participarán nunha sesión de Startup Day de presentación.

Ademais, no caso do itinerario Aceleración, de existir a posibilidade de realización de POC (*proba de concepto*), logo do Startup Day, realizarase un BootCamp para a definición da POC.

Tras estas xornadas, seleccionaranse os proxectos para cada unha das fases. Será o Consello Executivo o responsable da selección definitiva dos proxectos participantes en cada unha das fases de cada convocatoria. O número máximo de proxectos que poderán acceder a cada fase é:

Tipoloxía	Convocatoria 2025	Convocatoria 2026	Convocatoria 2027
Incubación	0	12	12
Aceleración	6	6	6
Consolidación	4	5	5

Táboa 1 - Distribución de itinerarios por convocatoria

FASE III. EXECUCIÓN DOS ITINERARIOS

- > Definición e obxectivos: os proxectos seleccionados para participar na **BFSport** poderán optar ao itinerario de incubación, de aceleración ou de consolidación en función do estado de madurez no que se atopen, segundo segue:
- *Incubación:* destinado a axudar a proxectos que están en fase de definición da idea de produto ou servizo para construír o seu MVP (*produto mínimo viable*).

- *Aceleración:* para startups que teñen un MVP, pero que non teñen clientes (ou teñen poucos). Desenvolverán, de ser posible, unha POC nun contexto real de mercado cunha entidade tractora, dando resposta a un dos retos definidos.
 - *Consolidación:* para aquelas startups que apliquen e estean na fase de escalado, a **BFSport** ofrecerelles mentorización, contactos coa industria, plan para escalar (operacións, recursos humanos, comercialización, internacionalización...), e preparación e acompañamento para conseguir unha ronda serie A.
- > Actividades: nesta fase, as actividades varían segundo o itinerario, polo que se definen a continuación para cada un deles.
- *Incubación:* este itinerario ten como obxectivo dar apoio aos emprendedores nas primeiras etapas de desenvolvemento do seu proxecto, coa definición da idea de produto ou servizo e coa construción do seu MVP. Levarase a cabo na segunda e na terceira convocatoria, cun número máximo de 12 proxectos participantes en cada unha delas (ver Táboa 1). As actividades a realizar son as seguintes:
 - Sesións individuais estratéxicas semanais, nas que avanzar na definición da idea e convertela nun concepto empresarial viable.
 - Sesións de mentorización quincenais, cun mentor específico asignado segundo o modelo de negocio e as necesidades do proxecto.
 - Sesión de mentorización quincenais con mentores do Clúster e das entidades tractoras participantes.
 - Obradoiros formativos grupais semanais, impartidos por expertos de prestixio en diferentes áreas e que dan resposta ás seguintes cuestións: busca da motivación do proxecto, reflexión da visión do cliente sobre o problema, mellora e evolución da idea, validación das hipóteses, optimización dos resultados, construción do MVP e definición dos recursos e aspectos necesarios para alcanzar os obxectivos.
 - *Aceleración:* neste itinerario participarán aqueles proxectos que xa contan cun MVP e precisan introducirse no mercado e desenvolver a estratexia de captación de clientes. Desenvolverán tamén, de ser posible, unha POC nun contexto real cunha das entidades tractoras participantes, dando resposta a un dos retos definidos. A fase de aceleración levarase a cabo nas tres convocatorias, cun número máximo de 6 proxectos participantes en cada unha delas (ver Táboa 1). As actividades a realizar son as seguintes:
 - Sesións individuais estratéxicas semanais, nas que validar o MVP, identificar e facer seguimento ás métricas, definir a estratexia e plan de acción para a introdución do produto ou servizo no mercado, o plan de negocio do proxecto e a estratexia de busca de financiación.
 - Sesións de mentorización quincenais, cun mentor específico asignado segundo o modelo de negocio e as necesidades do proxecto.
 - Sesión de mentorización quincenais con mentores do Clúster das entidades tractoras participantes.
 - Obradoiros formativos grupais semanais, en diferentes formatos, incluíndo análises de casos de éxito, e prácticas de pitch ou masterclass impartidas por expertos de prestixio en diferentes áreas (estratexia de captación e marketing, métricas clave, modelo financeiro, vendas, recursos humanos, aspectos legais para startups, etc).
 - Posibilidade de desenvolver unha POC cunha das entidades tractoras e nunha contorna real.

- *Consolidación:* este itinerario ten como obxectivo dar asesoramento, apoio e contactos a aqueles proxectos que xa contan cun modelo de negocio validado, con vendas recorrentes e que buscan escalar en vendas, en produto, en operacións, en equipo ou nunha combinación delas. Levarase a cabo nas tres convocatorias, cun número máximo de 4 proxectos na primeira convocatoria e 5 proxectos na segunda e terceira convocatoria (ver Táboa 1). Realizaranse as seguintes actividades:
 - Sesións individuais estratéxicas semanais, nas que asesorar aos proxectos nas accións necesarias para escalar na área definida.
 - Sesións de mentorización quincenais, cun mentor específico asinado segundo o modelo de negocio e as necesidades do proxecto.
 - Sesión de mentorización quincenais con mentores do Clúster e das entidades tractoras participantes.
 - Obradoiros formativos grupais semanais impartidos por expertos de prestixio, para traballar en aspectos como: escalado das operacións, da captación ou do equipo, industrialización do produto, conversión do proxecto nunha marca ou deseño, internacionalización ou preparación dunha rolda de financiamento (serie A).

FASE IV. FINALIZACIÓN (Demo Day / Investors Day)

- > Definición e obxectivos: nesta última fase, celebrarase un evento de presentación dos proxectos, networking e clausura do programa. O Demo Day desenvolverase no marco do Galicia Sportech Congress, o principal evento de innovación no deporte, ou nun evento de características similares. A **BFSport** disporá dun espazo demostrador no evento, no que as startups do programa poderán expor os seus proxectos en formato demo. Así mesmo, aquelas que estean en rolda de investimento, poderán presentar no Investors Day do evento, diante dos principais inversores en deporte e saúde. Ademais, as tres startups finalistas do Investors Day, seleccionadas polo xurado segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria correspondente, poderán presentar no The Way startup Summit, o principal foro de investimento do noroeste peninsular, así como ter a posibilidade de participar noutros eventos nacionais. Os obxectivos desta fase segundo os itinerarios son os seguintes:
 - *Incubación:* participación no Demo Day.
 - *Aceleración:* avaliar os resultados das POC's realizadas, no caso de desenvolverse, e dos retos plantexados, clausurar o ciclo de actividades do programa e facer networking coas entidades tractoras.
 - *Consolidación:* presentación no Investors Day diante dos principais inversores da industria do deporte e o benestar.
- > Actividades: presentación de proxectos e networking.

Cuarta. Bases do programa BFSport

O funcionamento operativo de cada unha das edicións do programa **BFSport** será elaborado con antelación suficiente a iniciativa do Equipo Xestor. Posteriormente, será sometido a aprobación no Consello Executivo e difundido entre as partes interesadas. Estas bases do programa deberán recoller, como mínimo, os seguintes aspectos operativos:

- a) Requisitos para poder participar na convocatoria e forma de acreditarlos, respectando en todo caso os mínimos recollidos na cláusula quinta.
- b) Criterios obxectivos de selección.
- c) Procedemento de selección.

- d) Prazo e forma de presentación de solicitudes.
- e) Medio de notificación e comunicación cos participantes.
- f) Causas de exclusión.
- g) Compromisos derivados da participación.
- h) Protocolo de expulsión.

Quinta. Condicións básicas dos proxectos participantes e formalización da participación na BFSport

Poderán participar na **BFSport** aqueles proxectos que así o soliciten e cumpran os requisitos que se establezan nas bases do programa publicadas en cada edición.

A participación na convocatoria supoñerá que o equipo do proxecto acepte as bases do programa sen excepcións nin condicionantes, así como de calquera resolución que poida tomar calquera dos órganos descritos na cláusula sétima.

Unha vez que os proxectos superen o proceso de selección e acepten as condicións de participación no itinerario de incubación, aceleración ou consolidación, asinarán:

- **Un Acordo Marco** que recollerá os compromisos asumidos por todos os asinantes deste convenio co proxecto seleccionado na súa participación nos programas de incubación, aceleración ou consolidación. Como mínimo, este acordo establecerá o seguinte:
 - A adscrición do proxecto a un dos tres itinerarios (de incubación, de aceleración ou de consolidación).
 - O Plan de Incubación, Aceleración ou Consolidación, segundo o caso, e o compromiso de cada entidade asinante do convenio para a execución do devandito plan conforme ás necesidades previsibles.
 - Os fitos avaliáveis que deba cumprir o proxecto no seu itinerario de incubación, aceleración ou consolidación.
 - As normas para garantir a unidade de acción de todas as entidades financiadoras públicas e/ou privadas.
 - Os procedementos de finalización do Acordo Marco e da saída do proxecto da **BFSport**.
 - As condicións de expulsión, onde se definirán tres niveis de incumprimento.
- **Os acordos de financiamento:** que serán tantos como entidades financiadoras decidan financiar o proxecto seleccionado. Neste sentido, todos os acordos estarán referidos ao Acordo Marco, que establecerá os mecanismos de coordinación necesarios para garantir a unidade de acción, pero poderán establecer dereitos e obrigacións de maneira bilateral entre a entidade financiadora e o proxecto.

Sexta. Financiación dos proxectos participantes

Para financiar o custo da participación dos proxectos en **BFSport**, habilitaranse os seguintes instrumentos:

- **Igape:** para a fase de aceleración, aportará para cada proxecto a cantidade de 25.000€ a fondo perdido, nas condicións que se establecen no anexo III deste convenio.
- **Xesgalicia:** para as fases de aceleración e de consolidación, Xesgalicia poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, a cada un dos proxectos

seleccionados que superen o proceso de análise de investimentos realizado polo equipo e os órganos de decisión de Xesgalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores realicen, polo menos, en aportacións dinerarias, desembolsos na mesma contía.

Con carácter xeral, o importe máximo será de ata 50.000€ na fase de aceleración e de 250.000€ na fase de consolidación. Con todo, estes importes poderán superarse se as características do proxecto así o aconsellan sempre e cando non se excedan os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade.

Para percibir este financiamento terá que estar constituída a empresa e ter o seu domicilio social e fiscal en Galicia.

Procurarase a amortización proporcional de todas as fontes de financiamento do proxecto.

As compañías financiadas por Xesgalicia serán sometidas a un seguimento posterior para o que deberán aportar información económico-financeira periódica e calquera outra información e/ou documentación que se considere necesaria para a avaliación da evolución do proxecto asociado.

Finalmente, os proxectos poderán conseguir financiamento adicional por medio de primeiros pedidos realizados polas empresas do Consello de Entidades, que terán preferencia fronte a outros clientes potenciais. A contía e condicións destes primeiros pedidos dependerán da negociación bilateral que se estableza entre o proxecto e a empresa.

Sétima. Órganos de decisión e xestión

Para o correcto funcionamento de **BFSport** é preciso establecer un sistema de gobernanza capacitado que poida controlar e regular o funcionamento da iniciativa, garantir a toma de decisións, minimizar os riscos, velar pola calidade dos servizos e compromisos propostos e asegurar a máxima eficiencia de todas as operacións a levar a cabo no contexto do programa.

Para ese efecto, contéplase que este sistema de gobernanza se estructure nos seguintes órganos:

- a) Consello Executivo: o Clúster e Igape.
- b) Consello de Entidades, formado por empresas tractoras, e outras empresas e entidades relacionadas coas tecnoloxías e solucións do sector en Galicia, universidades, centros tecnolóxicos e asociacións empresariais relacionados co sector do deporte e o benestar de Galicia; outras entidades públicas ou privadas con coñecemento, medios e/ou infraestruturas que acheguen valor aos proxectos participantes en **BFSport** e subscribisen o acordo do anexo II do presente convenio.
- c) Equipo Xestor (o Clúster).

A descrición de cada un destes órganos expónse con detalle no anexo I do presente convenio.

O programa **BFSport** non ten personalidade xurídica propia.

Oitava. Participación doutros axentes en BFSport

Alén das entidades asinantes do presente convenio, contéplase a participación, mediante convenio, en **BFSport** dos seguintes tipos de axentes, que aportarán valor e recursos á business factory: empresas do sector do deporte e o benestar de Galicia, universidades, centros tecnolóxicos e outros axentes vinculados ao sector. Os recursos a aportar poderán ser infraestruturas, formación,

mentorización, recursos para os emprendedores (beneficios), e outros que se consideren e sexan validados polo Consello Executivo.

Do mesmo xeito, o proxecto contará con diferentes socios estratéxicos que comparten os obxectivos do proxecto, e que son:

- a) Empresas tractoras, líderes da industria en Galicia, que a través de programas de Venture Client poderán ofrecer probas de concepto POC ás startups para resolver os principais retos da industria de maneira real.
- b) Socios de innovación sectorial da industria do deporte e hubs de innovación, que poderán aportar infraestruturas.
- c) Socios de innovación sectorial da saúde e ciencias da vida, como o DIH de Innovación Dixital para as Ciencias da Vida de Galicia.
- d) Socios tecnolóxicos, que poderán proporcionar ás startups solucións tecnolóxicas en formato perks (beneficios), xunto coa orientación profesional e visibilidade dos proxectos de Industria desenvolvidos.
- e) Socios de investimento, a través da rede de co-investidores sustentada en perfís cun alto de experiencia no sector deportivo, principalmente atletas e ex atletas, business angels inmersos nesta áreas e venture capital nacionais e internacionais. O obxectivo é sumar investimento de calidade ás startups deste eido.
- f) Socios deportivos: poderán ter acceso aos principais validadores das solucións a implementar, e xunto coas tractoras co-desenvolverán as probas de concepto.

En calquera caso, na medida que poden incidir na operativa do programa **BFSport**, a aprobación destes acordos e a subscrición doutros pactos non previstos neste convenio deberá contar coa autorización do Consello Executivo.

Novena. Obrigas de Igape

1. Cofinanciamento do orzamento operativo.
2. Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo.
3. Financiamento aos proxectos de aceleración en formato de subvención a fondo perdido.

Décima. Obrigas de Xesgalicia

1. O estudo e análise das solicitudes de financiamento dos proxectos seleccionados, tanto a través da participación en capital como en forma de préstamo participativo con ou sen opción a capitalización, segundo o establecido nas cláusulas sétima e décimo terceira e sempre que cumpra as condicións e requisitos que para ese efecto se establezan por Xesgalicia.
2. A participación activa nas funcións do órganos dos que fora designada membro.

Décimo primeira. Obrigas do Clúster

1. Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo.
2. Xestión do programa **BFSport** a través do Equipo Xestor.
3. Presentación ante a Xunta de Galicia dos debidos informes de resultados. O Equipo Xestor da **BFSport** facilitará ao Igape todos aqueles datos e información que este considere necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador promovidas pola Xunta de Galicia, para facilitar o seguimento por parte de Igape da execución e desenvolvemento do presente convenio en aras de avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, medindo aspectos como o retorno de investimento

realizado. No caso de incumprimento da presente obriga, poderase minorar en ata un 20% a achega económica do Igape para o financiamento operativo e técnico da **BFSport**, feito que se determinará na pertinente comisión de seguimento convocada para tal fin.

4. Coordinación de todos os axentes participantes no programa **BFSport**.
5. Captación de proxectos, tanto a nivel rexional como nacional e internacional.
6. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes

1. Financiamento de Igape

Igape achegará dos seus orzamentos dos anos 2025, 2026 e 2027 a cantidade de 450.000,00€ da maneira que segue, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7700:

Anualidade	2025	2026	2027	TOTAL
Aceleración	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	450.000,00 €

Táboa 2 - Distribución de financiamento por convocatoria

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa non excederá a cantidade de 300.000 € durante calquera período de tres anos. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

En consecuencia, xunto coa documentación xustificativa relacionada no anexo III deste convenio, o beneficiario terá que presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis* durante os tres anos anteriores.

Igape fará efectivas estas axudas unha vez verificado que se cumpren os requisitos de xustificación establecidos no anexo III e unha vez que o Consello Executivo certifique a relación de proxectos seleccionados.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

2. Financiamento de Xesgalicia

Para as fases de aceleración e de consolidación, Xesgalicia poderá financiar mediante a participación no capital social da empresa ou mediante a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, a cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise do investimento realizado polo equipo e os órganos de decisión de Xesgalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o Fondo de investimento que mellor se adapte á fase da evolución do proxecto e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores acheguen, polo menos, en achegas dinerarias, a mesma contía ao mesmo.

Con carácter xeral, o importe máximo será de ata 50.000€ na fase de aceleración e de 250.000€ na fase de consolidación. Con todo, estes importes poderán excederse se as características do proxecto así o aconsellan sempre e cando non se excedan os importes asignados globalmente ao Programa nunha mesma anualidade.

As achegas máximas distribuiranse como segue:

FINANCIAMENTO XESGALICIA				
Anualidade	2025	2026	2027	TOTAL
Aceleración	300.000,00 €	300.000,00 €	300.000,00 €	900.000,00 €
Consolidación	1.000.000,00 €	1.250.000,00 €	1.250.000,00 €	3.500.000,00 €
TOTAL	1.300.000,00 €	1.550.000,00 €	1.550.000,00 €	4.400.000,00 €

Táboa 3 - Distribución do posible financiamento de Xesgalicia por convocatoria

Este financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos; superen o custo da actividade subvencionada e os límites máximos do financiamento público.

No caso de abandonar, non cumprir co establecido na convocatoria do programa ou coas condicións establecidas para a súa concesión ou un informe negativo de seguimento, dará dereito a Xesgalicia a resolver o financiamento concedido, esixindo o reintegro dos importes desembolsados, e a non realizar os desembolsos pendentes.

No caso de que un proxecto tivese recibido financiamento de Xesgalicia nunha fase concreta, aceleración ou consolidación, ao amparo dun Programa non poderá recibir financiamento noutro Programa para a mesma fase do mesmo proxecto.

A documentación a presentar a Xesgalicia para a obtención deste financiamento está relacionada no anexo IV deste convenio.

Décimo terceira. Financiación operativa de BFSport: custos de xestión, coordinación e execución

Para o financiamento operativo de **BFSport**, o Clúster, coas súas correspondentes responsabilidades en actividades de asesoramento, formación e apoio na difusión e a captación, asignarán medios e recursos internos e externos para o desenvolvemento do programa.

Igape cofinanciará os custos de xestión, coordinación e execución de **BFSport** cunha achega plurianual do 80% para os gastos propios, 80% para os custos indirectos (estimados nun 25% dos custos propios) e 80% para as subcontratacións, con cargo á partida 09.A1.741A.6400, cos límites especificados na táboa seguinte:

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN TOTAIS	2025	2026	2027	Total (€)
	1ª edición	2ª edición	3ª edición	
Custos propios	31.308,75 €	38.326,75 €	38.326,75 €	107.962,25€
Custos indirectos (25%)	13.915,00 €	15.851,00 €	15.851,00 €	45.617,00 €
Servizos externos	201.984,75 €	220.486,75 €	220.486,75 €	642.958,25 €
TOTAIS	247.208,50 €	274.664,50 €	274.664,50 €	796.537,50€

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN CLÚSTER	2025	2026	2027	Total (€)
	1ª edición	2ª edición	3ª edición	
Custos propios	6.261,75 €	7.665,35 €	7.665,35 €	21.592,45 €
Custos indirectos (25%)	2.783,00 €	3.170,20 €	3.170,20 €	9.123,40 €
Servizos externos	40.396,95 €	44.097,35 €	44.097,35 €	128.591,65 €
TOTAIS	49.441,70 €	54.932,90 €	54.932,90 €	159.307,50 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN IGAPE	2025	2026	2027	Total (€)
	1ª edición	2ª edición	3ª edición	
Custos propios	25.047,00 €	30.661,40 €	30.661,40 €	86.369,80 €
Custos indirectos (25%)	11.132,00 €	12.680,80 €	12.680,80 €	36.493,60 €
Servizos externos	161.587,80 €	176.389,40 €	176.389,40 €	514.366,60 €
TOTAIS	197.766,80 €	219.731,60 €	219.731,60 €	637.230,00 €

Táboa 4 - Distribución financiamento operativo por convocatoria

A xustificación de gastos operativos realizarase conforme o establecido no anexo V.

Décimo cuarta. Vixencia

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o final da fase de consolidación da 3ª edición de **BFSport**, co límite do 31 de decembro de 2027. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao de vixencia inicial.

Décimo quinta. Comisión de Seguimento do convenio

Para facilitar a execución e desenvolvemento do presente convenio, así como o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha comisión integrada, en principio e salvo mutuo acordo das partes para a súa modificación (que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao presente convenio), polos seguintes membros:

- a) Igape: 2 membros, un dos cales será a persoa que ocupe a presidencia. O Igape poderá estar representado por persoal de seu e/ou de Xesgalicia.
- b) Clúster: 2 membros.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido no presente convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento producirase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sexta. Causas de resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- f) Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Décimo sétima. Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte de Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

Xesgalicia e o Clúster deberán fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigaón serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo oitava. Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades asinantes deste convenio.

Décimo novena. Deber de segredo e confidencialidade

As partes asinantes comprométese a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos e informacións que obteñan en virtude da execución deste convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes en **BFSport**.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso e mancomunado dos asinantes do convenio.

Os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro titularidade de cada un dos promotores: Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia, con NIF G42740837, Instituto Galego de Promoción Económica con NIF Q-6550010-J, e Xesgalicia con NIF A-15.674.203.

Os promotores levarán a cabo un tratamento dos devanditos datos para o fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a súa participación no programa e de difundilo e facer promoción pública deste. Os promotores non recollerán, utilizarán nin revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algún deber legal.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE/BOE nº 294, do 6 de decembro), ningunha das entidades participantes en **BFSport** nin ningún dos seus representantes poderán facer ningún tratamento dos datos persoais aos que en virtude do disposto neste convenio puidesen ter acceso.

A marxe do anterior, queda expresamente prohibida a utilización polas partes dos datos persoais aos que potencialmente puidesen ter acceso.

As obrigacións desta sección non supoñen ningunha restrición ás partes para poder cumprir cos deberes legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración deste convenio, ou que pase a selo con posterioridade a leste, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Vixésima. Autorizacións

Xesgalicia e o Clúster consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, sabendo que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos

registros antes citados, na Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar o NIF e as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de corrección, despois de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de corrección da documentación.

Vixésimo primeira. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa.

Vixésimo segunda. Cesión

Os dereitos e as obrigacións asumidas por cada unha das partes baixo este convenio non poderán ser cedidos a terceiras persoas sen consentimento previo e por escrito das outras partes. Para estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non estean vinculadas organicamente ás partes.

Vixésimo terceira. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De conformidade co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdose á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016,

do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento o 26 de maio de 2025.

A presidenta do Igape e do Consello de
Administración de Xesgalicia

O presidente do Clúster da Industria do
Deporte e o Benestar de Galicia

María Jesús Lorenzana Somoza

Pedro Iglesias Santos

ANEXO I. GOBERNANZA E XESTIÓN DO PROGRAMA BFSport

ÓRGANOS DE GOBERNO

1. O Consello Executivo

1.1. Será o órgano de decisión para calquera aspecto que afecte ao funcionamento da iniciativa. Contará con representación das seguintes entidades: IGAPE e o Clúster, e estará presidido polo IGAPE. A secretaría deste órgano será elixida ou seleccionada polos seus membros. O número de representantes por entidade será o que se mostra a continuación:

- Clúster: 2 membros
- Igape: 3 membros, que poderán ser persoal de seu ou de Xesgalicia.

1.2. As súas funcións serán as que se detallan a continuación:

- a) Decidir acerca da orientación estratéxica do programa **BFSport**.
- b) Ratificar os retos definidos polo Consello de Entidades.
- c) Aprobar as bases e convocatorias para a realización das convocatorias públicas de captación de proxectos.
- d) Realizar o seguimento do progreso do traballo técnico que afecte o programa **BFSport**.
- e) Aprobar os gastos xerais reais e as previsións de gasto para cada período económico.
- f) Propoñer a inclusión ou exclusión dun axente.
- g) Efectuar a selección final de proxectos participantes nos itinerarios de incubación, aceleración e/ou consolidación a proposta polo Consello de Entidades.

1.3. En canto ás incompatibilidades co exercicio das súas funcións, os membros do Consello Executivo non poderán participar como promotores ou integrantes dos proxectos seleccionados. No caso de tratarse de persoal adscrito ás súas entidades respectivas, requirirase consentimento expreso da totalidade dos integrantes do Consello.

1.4. O Funcionamento e a toma de decisións no Consello Executivo será como segue:

- a) Reunións: celebraranse reunións con periodicidade trimestral. A solicitude do Equipo Xestor, poderanse realizar reunións extraordinarias mediante previa convocatoria con, polo menos, 15 días de antelación, acompañada por unha proposta de orde do día. Esta será aceptada salvo que algunha das partes notifique por escrito ao Consello Executivo algún punto adicional a tratar con, polo menos, cinco días de antelación respecto da data da reunión. Considerarase válida calquera reunión do Consello Executivo á que asistan ben persoalmente, ben en representación, un número de integrantes que constitúan, polo menos, o 70% da porcentaxe de participación na iniciativa (a porcentaxe calcularase respecto ao número de integrantes do Consello Executivo).
- b) Toma de decisións: calquera decisión que deba ser sometida a votación nas reunións do Consello Executivo da **BFSport** deberá ser incluída na orde do día da convocatoria da reunión. As decisións adoptaranse por unha maioría que constitúa o 51% dos votos, presentes ou representados. En caso de empate, a presidencia do Consello Executivo terá un voto decisivo.
- c) Representación: calquera integrante do Consello Executivo poderá ser representado por outro membro mediante un poder de representación por escrito.

2. O Consello de Entidades

2.1. Este órgano estará formado por:

- a) Empresas do sector do deporte e o benestar e afíns de Galicia e de fóra de Galicia.
- b) Universidades, centros tecnolóxicos, clústeres e asociacións empresariais vinculados co sector do deporte e o benestar de Galicia e de fóra de Galicia. Estes axentes achegarán coñecemento, infraestruturas, medios e servizos técnicos aos proxectos participantes na **BFSport**.
- c) Outros axentes con capacidade de achegar valor adicional aos proxectos participantes no programa, tales como entidades financeiras e fondos de capital risco, asesorías especializadas, organismos do sector do deporte e o benestar e afíns de ámbito internacional, outros centros de coñecemento, etc.

O Anexo II regula o formato de acordo e relación destas entidades co programa **BFSport**.

2.2. Este Consello será o órgano da **BFSport** que se ocupará de dirixir e supervisar o fluxo de proxectos que se aceleren e consoliden na **BFSport** cunha presidencia e unha secretaría elixidas polo propio Consello. Terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Definir os retos que orientarán cada unha das convocatorias da **BFSport**. Os retos poderán ser propostos por calquera das empresas membro, pero deberán ser aprobados mediante votación. A lista de retos emanada do Consello de Entidades deberá ser ratificada polo Consello Executivo.
- b) Participar na avaliación dos proxectos candidatos e na adecuación dos seus respectivos equipos para garantir que a súa participación nos programas de incubación, aceleración ou consolidación dará os resultados esperados. Encargado do proceso de selección de proxectos, o Consello de Entidades elevará ao Consello Executivo a proposta de proxectos a seleccionar.
- c) Votar a exclusión dalgún dos proxectos participantes, o que deberá ser ratificado polo Consello Executivo.
- d) Supervisar a evolución de todos os proxectos participantes nos programas de incubación, aceleración e consolidación, e definir as medidas de corrección que se estimen oportunas.

2.3. Para mellorar a súa eficiencia, o Consello de Entidades poderá organizarse internamente en comités, nomeadamente: Comité de Empresas Tractoras, Comité Científico e Comité de Investimentos, ou calquera outro que facilite a axilidade no seu funcionamento.

2.4. O sistema de funcionamento e toma de decisións será o mesmo que o do Consello Executivo.

2.5. O Consello de Entidades non terá representación fixa no Consello Executivo, pero poderá ser convocado a participar nas reunións deste órgano, con voz pero sen voto, cando así se lle requira pola presidencia do Consello Executivo.

2.6. O funcionamento dos órganos de goberno farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. O Equipo Xestor

3.1. O Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia será a entidade que actúe como Equipo Xestor do programa.

3.2. O rol do Equipo Xestor consistirá en levar a cabo todas as actividades relativas á planificación, execución e control da iniciativa para asegurar os plans e obxectivos fixados. En concreto, encargarase de:

- a) Supervisión e control do avance do programa.
- b) Desenvolvemento e execución do plan operativo.
- c) Proposta ao Consello Executivo da realización das convocatorias públicas de captación e selección de proxectos.
- d) Xestión económico–administrativa do programa.
- e) Definición e execución do Plan de Comunicación.
- f) Xestión de recursos.
- g) Preparación dos informes de seguimento e do informe final para o tratamento e toma decisión no Consello Executivo.
- h) Organización de reunións.
- i) Resolución de incidencias.
- j) Representación en todas as reunións e comités do Consello de Entidades, así como nas reunións que o Consello Executivo considere.
- k) Supervisión e coordinación das entidades colaboradoras contratadas para levar a cabo tarefas de formación e titorización.
- l) Coordinación das entidades contratadas para a xestión e organización das fases de incubación, aceleración e consolidación.
- m) Asesoramento e apoio ao Consello de Entidades e ao Consello Executivo cando así sexa requirido.
- n) Captación e coordinación de entidades do sector privado ou público que poidan achegar valor ao programa e integrarse no Consello de Entidades.
- o) Captación e coordinación da participación de persoal avaliador externo independente nos procesos de avaliación das candidaturas presentadas.
- p) Supervisión dos Acordos Marco que se vaian asinar con cada un dos proxectos participantes.

3.3. En canto ás incompatibilidades, os membros do Equipo Xestor non poderán participar como promotores e/ou integrantes dos proxectos seleccionados nin prestar ningún tipo de servizo externo requirido para o programa BFSport.

ANEXO II. ACORDO DE ADHESIÓN AO CONSELLO DE ENTIDADES DA BFSport

D./D^a _____, en calidade de _____ e
en representación da entidade
_____ con NIF
_____, e domicilio social en
_____.

DECLARA

Que a entidade asinante está interesada na súa adhesión ao programa **BUSINESS FACTORY SPORT-BFSport** subscrito polo Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia en representación do sector galego do deporte e o benestar, e a Xunta de Galicia e os seus organismos, o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE) e Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U., (en diante, Xesgalicia), para o desenvolvemento das actividades que nel se conteñen.

Que coñece o contido das condicións incluídas no referido convenio, entre as que se atopa o seu dereito para ser membro de pleno dereito do Consello de Entidades con iguais dereitos e obrigacións que os demais integrantes do mesmo.

Que asume as obrigacións derivadas da súa participación nas actividades recollidas no convenio, entre as que se atopan:

- Definición dun reto co suficiente detalle como para que poida ser identificado un proxecto que potencialmente poida **portar unha solución ao devandito reto**.
- Xustificación do encaixe do devandito reto na estratexia da empresa facendo referencia ás vantaxes derivadas da súa solución e, opcionalmente, ás políticas públicas desenvoltas en Galicia.
- Apoio con recursos propios ao proxecto acompañando os recursos públicos postos á disposición por Igape e Xesgalicia. Por exemplo, designando a un mentor responsable do proxecto (e a outros adicionais) cun compromiso de dedicación documentado dun mínimo de ___ horas, accesos a súas instalacións, apoio comercial, apoio económico, designación dun interim manager, etc.
- Desempeño das devanditas actividades, segundo se describe no convenio, baixo a coordinación xeral do Equipo Xestor e a supervisión do sistema de gobernanza da **BFSport**.

Que polo presente documento acepta as obrigacións e dereitos recollidos tanto no convenio como no presente documento e adhírese ao mesmo desde a data da súa sinatura, momento no que empezará a producir efecto.

_____, ____ de _____ de 20__

Por parte da entidade,

Por parte de **BFSport**

ANEXO III. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NA FASE DE ACELERACIÓN

Para determinar a procedencia do pago das axudas a cada beneficiario terase en conta a certificación emitida polo director do proxecto, pertencente ao Equipo Xestor, relacionando os proxectos incorporados definitivamente á Aceleradora, seleccionados polo Comité Executivo do Programa. Esta certificación incluírá, a denominación do proxecto, a empresa constituída e o seu representante legal, así como as datas de inicio e final da fase de aceleración, que determinarán o período de elixibilidade dos gastos subvencionables.

Coa devandita certificación proporcionarase, para cada proxecto incorporado á aceleradora, a seguinte documentación:

- NIF da empresa.
- Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pago.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓN PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), E O CLÚSTER DO DEPORTES E O BENESTAR DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DO DEPORTE DE GALICIA (BUSINESS FACTORY SPORT – BFSport)

REUNIDOS:

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral, e, en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Doutra parte, D/Dª. _____, con NIF _____, e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, promotor do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que o Igape, Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, Xesgalicia) e o Clúster do deporte e o benestar de Galicia, asinaron un convenio para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector en Galicia (Business Factory Sport - BFSport).

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos apoiados no marco do Programa BFSport, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre Igape, Xesgalicia, e o Clúster para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector do deporte e o benestar de Galicia (Business Factory Sport – BFSport).

Esta subvención ten por obxectivo o financiamento das actividades para desenvolver polo proxecto durante a fase de aceleración de 3 meses do programa BFSport, que se centrará en:

- Validar a necesidade identificada.
- Desenvolver un produto mínimo viable.
- Realizar un proceso iterativo con clientes representativos.
- Conseguir unha pre-venda/venda.
- Definir o modelo de negocio.

Incorporarase ao presente convenio un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que para ese efecto se facilita.

Segunda. Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda para conceder por parte de Igape é dun máximo de 25.000 €.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto segundo as actividades previstas e no período temporal correspondente á fase de aceleración. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só admitiranse aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de inicio e fin da fase de aceleración definida no documento descritivo incluído no presente convenio.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Custo de persoal suxeito a relación de carácter laboral, incluídos os promotores do proxecto ata un máximo do 30% do seu custo salarial.
- Custos de participación en feiras, congresos e outras actividades de networking específicas para o proxecto.
- Adquisición de equipamento e material instrumental na medida en que se utilicen para as actividades de aceleración.
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; inclúranse os derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto.
- Servizos tecnolóxicos externos.
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a procura de investidores.
- Subcontratacións, cun límite máximo do 50% da axuda.

De acordo con o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000,00 € no suposto de subministración de bens de equipo e servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, o que deberá xustificarse expresamente, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

Consideraranse subcontratacións as actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha parte das actividades incluídas no programa de aceleración que constitúe o obxecto da subvención. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada e deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que, en todo caso, esta non poderá superar o límite do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Nos casos en que se realice esta subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con eles, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

No caso de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Terceira. Réxime de pagos

Ao amparo do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei, poderanse realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. De acordo co artigo 62.2 do devandito Regulamento, o importe conxunto dos pagamentos anticipados que se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa serán fornecidas polo Igape, sendo preciso presentar a documentación de forma ordenada seguindo a estrutura establecida nas devanditas instrucións. A documentación presentarase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación.

A) Primeiro pago.

Poderase pagar ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada, previa solicitude e entrega completa da seguinte documentación con data límite do 30 de xuño do exercicio no que o proxecto foi seleccionado:

a) Solicitude, no modelo que estará á súa disposición facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutras axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

B) Pago final e xustificación.

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados pagarase tras a solicitude e xustificación da subvención concedida, con data límite do 15 de novembro do ano en que se finaliza a aceleración, coa seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión desoutras axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da o Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. No caso de subcontratacións, declaración de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

c) Memoria económica, facilitada polo Instituto Galego de Promoción Económica, na que se relacionarán os gastos realizados coa subvención percibida incluíndo a súa relación coas actividades propostas da fase de aceleración.

d) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

e) Documentación xustificativa do pago: os pagos xustificaranse mediante transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios. En ningún caso admitiranse os pagos xustificadas mediante recibo do provedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. En caso en que o documento de pago non faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto de pago (rastrexabilidade). No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas, anexarase unha relación detallada delas na que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagas xuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pago da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso admitiranse pagos xustificadas mediante recibos do provedor, pagos por caixa ou en efectivo nin pagos realizados con tarxeta de débito ou crédito non asociada á empresa beneficiaria.

f) Informe final da fase de aceleración do proxecto: xustificarse o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os obxectivos conseguidos. Este informe estará asinado polos representantes da entidade beneficiaria e do Equipo Xestor da Aceleradora.

A entidade poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.

g) Certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable.

Cuarta. Réxime de garantías

O artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatoriedade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 80% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto, polo que se require autorización do Consello Xunta segundo o establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega, é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade; exonérase da constitución de garantía legalmente prevista; conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello da Xunta, da exención do deber de constitución de garantías, máis concretamente no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Quinta. Alteración das actuacións

A necesidade de modificar as actuacións para realizar, despois de que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só se procederá á citada modificación, tras o informe favorable do Comité Executivo de BFSport.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciarase coa solicitude por parte do interesado, na devandita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de maneira tal que queden claras as actuacións para modificar e o desenvolvemento do proxecto.

Despois de dita solicitude, Igape procederá a recadar o correspondente informe favorable ou visto e prace do Equipo Xestor de BFSport.

Tras as anteriores actuacións, Igape aprobará, no seu caso, a modificación proposta.

A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou addenda.

Sexta. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Estabécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

Sétima. Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións de participación en BFSport.
- b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativos ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.
- f) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- g) Subministrar toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
- h) Dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Oitava. Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte dalgún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

Novena. Mecanismos de seguimento e execución

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, paritaria entre representantes de Igape e representantes da entidade beneficiaria.

Décima. Vixencia

O presente convenio estará vixente desde o día da súa sinatura ata a finalización da fase de aceleración, sen posibilidade de prórroga. A vixencia do convenio individual nunca poderá exceder a vixencia do convenio da BFSport.

Décimo primeira. Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; o disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

Décimo segunda. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa BFSport.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A presidenta do Igape e do Consello de
Administración de Xesgalicia

(nome da entidade)

María Jesús Lorenzana Somoza

MODELO DE DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO PROXECTO

Denominación do proxecto:

Denominación social e NIF/NIE da empresa:

Relación promotores/NIF/NIE:

Breve descrición do proxecto:

Data inicio/fin fase de aceleración:

a. Primeira anualidade:

Datas límite para a presentación de documentación:

a. Primeira anualidade:

- Primeiro pago (anticipo):

- Xustificación final:

Contía da axuda a fondo perdido:

Outros datos de interese:

ANEXO IV. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A XESGALICIA PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NA FASE DE ACELERACIÓN OU CONSOLIDACIÓN

- a) Identificación da/s persoa/s de contacto.
- b) Plan de negocio (formato .doc):
- Promotores do proxecto e experiencia relevante: CV e perfís do equipo fundador, destacando a súa experiencia previa, logros e coñecementos relevantes para o proxecto. Identificación dos administradores.
 - Antecedentes e descrición do proxecto.
 - Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
 - Mercado, sector, competencia.
 - Modelo de negocio.
 - Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
 - Persoal actual da empresa e previsión de evolución do persoal.
 - Investimento previsto e financiamento do proxecto.
 - Plan financeiro con estados financeiros previsionais, como mínimo, de 4 exercicios (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Excel).
 - Estado de tesouraría mensual do primeiro ano a contar desde a situación actual (en formato Excel).
 - Resumo executivo dos anteriores elementos (modelo facilitado por Xesgalicia en formato Power Point).
- c) Documentación financeira:
- Contas anuais aprobadas e, no seu caso, auditadas, dos últimos 3 exercicios económicos pechados. No caso de que a empresa teña menos de 3 anos de antigüidade, aportaranse as contas anuais de todos os exercicios pechados desde a súa constitución.
 - Balance, conta de Perdas e Ganancias e estados de tesouraría a data de peche do último trimestre do exercicio corrente.
 - Pool bancario ás datas de peche do último trimestre e do último exercicio económico pechado.
 - Orzamento do exercicio corrente.
 - Informe CIRBE do Banco de España.
 - Relación de todas as axudas públicas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para o mesmo proxecto e, en particular, ao IGAPE. Certificado de non ter débedas co citado Instituto.
 - Financiamento público e privado previsto, solicitado e/ou obtido para o proxecto
- d) Documentación xurídica:
- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
 - Composición do capital e órganos de administración.
 - Copia do libro de rexistro de socios
 - Certificado de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
 - Declaración xurada relativa aos litixios nos que sexa parte a sociedade, os seus socios e/ou administradores.
 - Pacto de socios previos e se fose o caso, compromisos adquiridos por outras aceleradoras
 - Documento LOPD (modelo facilitado por Xesgalicia).
- e) Documentación a efectos da prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBLAC):
- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por Xesgalicia).
 - Acta de titularidade real
 - CIF definitivo
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade ou dos titulares reais.

- Certificado de titularidade de conta corrente que inclúa a totalidade dos seus titulares.
- f) Outra documentación:
- Documentación relativa á propiedade da tecnoloxía e/ou aos dereitos de explotación da mesma.
 - No caso de achegas non dinerarias, documentación da valoración de dicha activos
 - Adhesión ao regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por Xesgalicia)
 - Autorización do uso do logo da empresa por parte de Xesgalicia.

Poderase solicitar toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica, financeira e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou en castelán, os importes en euros e deberá estar asinada polo representante legal da empresa.

A documentación presentada nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberá vir traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de Xesgalicia para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por Xesgalicia, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.

ANEXO V. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DOS GASTOS OPERATIVOS. DOCUMENTACIÓN E PROCEDEMENTO PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO

Para o pago da cantidade prevista na cláusula décimo terceira do convenio de Business Factory Sport – BFSport, relativa á compensación de parte dos gastos incorridos para a posta en marcha e desenvolvemento das diferentes fases do programa, as entidades participantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pago.
- As solicitudes de pago acompañaranse con senllas memorias comprensivas das actividades levadas a cabo para o desenvolvemento das diferentes fases do programa BFSport, que conterán como mínimo a seguinte información:
 - Memoria descritiva: desenvolvemento das actividades do convenio.
 - Memoria económica: acreditación dos gastos soportados e pagos realizados para o desenvolvemento das diferentes fases. Xunto cun cadro resumen do gasto acreditado, a xustificación terá lugar mediante a presentación dos xustificantes dos gastos recibidos dos diferentes provedores, e da xustificación da realización do pago (transferencia, certificación bancaria orixinal ou extractos de pago). Ao mesmo tempo, a xustificación de gastos de persoal por medio de certificado do persoal asignado ao proxecto, xunto coas nóminas e seguros sociais.

Xunto coa primeira solicitude, as entidades deberán achegar os seguintes documentos:

- NIF da entidade, no caso de que se opoña á consulta polo Igape.
- Declaración de titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, na que deberá constar a razón social da entidade, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que se opoña á consulta polo Igape. De ser o caso, ditas certificacións actualizaranse ao momento da presentación da segunda e terceira solicitudes de pago.
- De ser o caso, documentación acreditativa de exención de IVE ou da porcentaxe de pro rata a aplicar para o exercicio correspondente (certificado de exención ou modelo 390).

A tipoloxía de gastos subvencionables divídese en:

- Capítulo 1 – Dirección e xestión.
- Capítulo 2 – Difusión e comunicación.
 - Accións de difusión e comunicación.
 - Elementos de preparación das instalacións.
 - Participación nos eventos.
- Capítulo 3 – Deseño, retos e selección de proxectos.
 - Deseño da convocatoria. Selección de entidades.
 - Definición dos retos.
 - Convocatoria e captación.
 - Avaliación e selección de finalistas.
- Capítulo 4 – Deseño, organización e execución do StartUp day.
 - Deseño, organización e execución do evento.

- Capítulo 5 – Desenvolvemento dos programas Incubación / Aceleración / Consolidación.
 - Tutorías de mentorización e sesións grupais.
 - Tutorías estratéxicas.
 - Talleres formativos.
 - Desenvolvemento, se procede, do POC.
 - Todas aquelas actividades requiridas para o correcto desenvolvemento do programa.

- Capítulo 6 – Deseño, organización e execución do Demo Day.
 - Deseño, organización e execución do evento.

- Capítulo 7 – Deseño, organización e execución do Investors Day.
 - Deseño, organización e execución do evento.

- Capítulo 8 – Outros costes de organización.
 - Instalacións e infraestruturas.
 - Aproveñamentos nos eventos establecidos.
 - Materiais para o desenvolvemento das accións da BF.

A data límite de xustificación será dentro dos quince primeiros días do mes seguinte ao de finalización do trimestre, a excepción do último trimestre de cada ano, cuxa data límite de xustificación será como máximo o 15 de novembro.